

## **Reto tecnolóxico 6**

### **Departamento que propón o reto:**

- Presidencia (Axencia Turismo de Galicia)

### **1.- Áreas/temas nos que o departamento quere investigar/innovar co obxectivo de mellorar a prestación de servizos públicos a través de UAVs .**

Análise da demanda turística e do fluxo de visitantes en espazos abertos de elevado interese ecolóxico e turístico que polas súas características teñan zonas de acceso difusas e de difícil control.

En particular, medición e caracterización da demanda turística en espazos naturais protexidos e rutas turísticas con especial interese no Camiño de Santiago

### **2.- Actividades ou procesos intensivos en recursos do departamento susceptibles de mellorar mediante o emprego de solucións baseadas en UAVs .**

- Medición de fluxos e afluencia de visitantes en espazos abertos
- Observación do comportamento dos fluxos (lugares de paso, recursos visitados, medios de transporte utilizados, tempos intermedios, identificación de puntos de saturación,...)
- Identificación das principais características da visita
- Comportamento vinculado con outras fontes de información, perfil como usuario de Tics.

### **3.- Retos técnicos ou tecnolóxicos que deberían solventar ditas solucións (inclúese neste apartado a integración das solucións nos actuais procesos ou plataformas tecnolóxicas do departamento**

- Conseguir información en tempo real ou cando menos en intervalos curtos de tempo.
- Obtención dunha ferramenta de xestión que posibilite a identificación de problemas – puntos de saturación, masificación, degradación do medio, perda de calidade da visita,...- e a toma de decisións eficiente que permita minimizar os posibles impactos negativos.

#### **4.- Equipo xestor e técnico que achega o departamento para colaborar co socio tecnolóxico.**

Persoal da área de Estudos e Investigación, concretamente e de maneira específica un técnico especialista en interpretación estatística en turismo e análise de tendencias e o Director de Competitividade.

#### **5.- Mellora operacional, optimización de procesos, redución de custos...que espera conseguir coa implantación das solucións baseadas en UAVs.**

A obtención dun sistema de información completo baseado en solucións UAVs que derive nunha ferramenta de xestión turística permite obter un coñecemento de maior precisión tanto a nivel territorial como temporal, anticipar problemas e poder implantar solucións que minimicen os posibles impactos negativos en múltiples dimensións: no medio natural, nas infraestruturas e equipos presentes no espazo, así como nos aspectos relacionados coa calidade da experiencia turística.

Así mesmo, proporcionará datos sobre a demanda turística que permita planificar a curto prazo para ofrecer produtos concretos que sexan os que demandan os turistas, logrando unha eficiencia nas campañas de promoción turística.